



Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autónomica, co enderezo para os efectos de notificación indicado na cabeceira deste escrito, e preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións a:

Proposta de modificación do Acordo que basea a Orde de 2 de maio de 2006 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas a percibir polo persoal do servizo de gardacostas

1. Consideracións previas

Debese articular e mellorar a orde de horarios de forma que se asegure o seu cumprimento e que sexa rotatoria e equilibrada. Case 20 anos despois segue a haber grandes diferencias entre bases a hora de establecer “criterios” e nalgunhas intentan compensar situacións abusivas, como o exceso de noites, poñéndoas salteadas ou rebaixando nestas as tarefas. Hai que ter en conta que o persoal ao que vai dirixida esta regulación traballa nunhas condicións extremas, cunha gran esixencia física e mental e co risco engadido do control dunha actividade delitativa, a do furtivismo, que move centos de milleiros de euros no noso país e que cada vez está máis organizada aumentando o risco laboral de forma exponencial.

A orde de horarios actual foi modificada polo decreto de gardacostas, que a actualiza, e tamén foi interpretada por varias instrucións unilaterais por parte da Administración e que foron recortando dereitos, como é o caso do goce de vacacións. Dende a CIG reclamamos a negociación e definición destas cuestións agora e opoñémonos a regulacións posteriores.

Propoñemos varios capítulos novos con asuntos que deben ser regulados como a asistencia a cursos de formación continua da propia administración pública. Incidir que neste persoal con alto risco laboral a formación está intimamente relacionada coa seguridade no posto de traballo. Así debe negociarse un plano formativo anual e debe fomentarse a participación de todo o persoal, para iso compre que sexan “puntuables” para que sexan atractivos pero sobre todo que a formación se descentralice e sexa en tempo de traballo. Por exemplo, non ten sentido que o persoal de Celeiro teña que desprazarse a Estrada ou a Santiago de Compostela para recibir formación gastando máis tempo e recursos en traslados que no propio tempo formativo.

Os servizos públicos deben estar garantidos, pero non a costa dos dereitos do persoal. Para isto compre situar reforzos de substitución nos períodos especiais como o verán ou o nadal e posibilitar o gozo das vacacións de persoal de xeito rotativo.

Por ultimo salientar que estas propostas están feitas enriba da orde de horarios actual do 2006, que se debe mudar por un acordo de orde horaria cun novo formato de carteleira que se adapte aos novos máximos de quendas de fin de semana e nocturnidade previstos.

2. Achegas á Orde 2/2006

Aportacións da CIG sobre o texto da Orde de 2006 en cor verde.

~~ORDE do 2 de maio de 2006~~ pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas para percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza.

A Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se creou o Servizo de Gardacostas de Galiza, encomendoulle as funcións de inspección, prevención e de corrección en materia de pesca, marisqueo e acuicultura en todas as súas fases, en materia de salvamento marítimo e en materia de loita contra a contaminación mariña accidental.

As particularidades das actuacións que levarán a cabo os membros deste servizo exixiron que no Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza, se lle dera un tratamento específico en canto ao seu réxime de traballo, de dispoñibilidade, de nocturnidade, de traballo a quendas, de perigosidade, de celeridade nas súas actuacións, de identificación e de compensacións económicas, distinto do réxime xeral dos traballadores e traballadoras da función pública galega.

A sección III do capítulo III, do persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza remite ao desenvolvemento por medio de orde das condicións do réxime de traballo e das compensacións a que poidan ter dereito os seus traballadores.

Para ese efecto e tras un proceso negociador coa representación sindical da Mesa Xeral de Empregados Públicos ~~cos representantes sindicais do colectivo~~ e logo do acordo acadado na mesa xeral de negociación e do informe favorable da comisión de persoal,

Observación: A Administración debe refacer entrada. Ademais a publicación faise en modo de Orde pero ten un acordo previo. Ten que ir así no titular: Modificación do ACORDO ...

DISPOÑO:

Capítulo I

Artigo 1º

Esta orde soamente será de aplicación ao persoal operativo do Servizo de Gardacostas de Galiza e ao persoal que pase á segunda actividade provinte do persoal operativo.

Artigo 2º

1. A xornada de traballo do persoal adscrito ao Servizo de Gardacostas de Galiza será a establecida, con carácter xeral, para todos os funcionarios da Xunta de Galiza, sen que exceda, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior, o número máximo de horas semanais establecidas en cómputo mensual. O dito persoal desenvolverá a súa xornada de traballo en quendas entre as 00.00

horas e as 24.00 horas, todos os días do ano, adaptando o seu horario ás necesidades do servizo, de conformidade coas quendas programadas semestralmente, de acordo co artigo 6º desta orde.

2. A xornada, que se efectuará de xeito continuado, realizarase en quendas rotatorias de semanas de mañá, tarde e noite. A duración da quenda será de 8 horas, salvo casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, en que poderá prolongarse de acordo co artigo 3º desta orde. Non se poderá realizar máis dunha quenda no mesmo día, debendo transcorrer, como mínimo, un período de 12 horas entre quendas, coa mesma excepción anterior.

3. En cómputo anual o horario será o correspondente a 32h semanais.

Alegación: 32 h é o solicitado pola CIG para traballadores a quendas.

3. As quendas de mañá comezarán ás 7.00 horas e rematarán ás 15.00 horas, as quendas de tarde comezarán ás 15.00 horas e rematarán ás 23.00 horas e as quendas de noite comezarán ás 23.00 horas e re-matarán ás 7.00 horas.

4. O persoal gozará dun descanso semanal mínimo de 60 horas consecutivas ~~48 horas consecutivas.~~

Alegación: Isto hoxe xa é así, 60h, segundo o-Decreto 136/2017, porén hai diversidade de criterios a hora de situar estas horas. Para solucionalo hai que definir “semana” e si o descanso é entre quendas ou entre semana.

5. Non se poderán realizar máis de cinco xornadas continuadas de traballo, nin máis de 18 quendas mensuais.

6. A través da negociación colectiva, entre a Consellería do Mar e as organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos, estableceranse e acordaranse os supostos aos que sexan de aplicación as **circunstancias excepcionais e as causas de forza maior.**

Cando se amplíen de horarios por circunstancias excepcionais darase conta na Comisión de Seguimento do Acordo de Gardacostas para que sexan avaliados

Alegación: Compre definir especificamente cales son as circunstancias excepcionais. Alongar unha quenda antes de comezar a quenda non se pode permitir, nese caso o traballo o debora realizar a quenda seguinte. Eliminar o termo “necesidades do servizo en todo o articulado por inespecífico e caixón de xastre.

Proponse o punto 6 para evitar abusos e ampliacións sistemáticas de quendas que é unha das queixas maioritarias do persoal. Esta situación de ampliación de xornada é un impedimento maiúsculo á conciliación familiar, non pode normalizarse. E, para que isto non sexa habitual propomos 3 cuestións: 1. Acotar as circunstancias excepcionais. 2. Compensar dentro dun período próximo. 3. Remunerar en tempo e economicamente o exceso horario e normalizar as indemnizacións por razón de servizo.

Artigo 3º

1. Cando se estea desenvolvendo unha operación xa iniciada e sexa preciso seguir ata rematala, prolongarase a xornada de traballo o tempo necesario ata un máximo de tres horas ~~catro horas~~, logo de comunicación do órgano superior.

Alegación: Unha prolongación de 4 horas é unha barbaridade, é media quenda. Con menos ten que dar tempo de sobra a que o persoal sexa substituído pola quenda entrante.

2. O número máximo de horas de prolongación de xornada non poderá exceder de 8 ao mes ~~12 ao mes~~. O número de horas por semestre non poderá ser maior a 16.

Alegación: As carteleiras son semestrais polo que propoñemos un máximo de horas extraordinarias tamén semestral para establecer un segundo limiar. Por outra parte 12 ao mes son unha barbaridade de horas extraordinarias que ademais do prexuízo do persoal e as súas familias, tamén o é para o servizo xa que como consecuencia coas compensacións en tempo se provoquen grandes ocos de persoal e que as necesidades dos servizo podan dificultar o gozo da compensación. Entendemos que se existe a necesidade de facer horas é que hai deficiencia de persoal e polo tanto o que se deba reforzar o servizo e as condicións polas que se exceda horario sexan as mínimas posibles. Non se pode aceptar a prolongación como algo normalizado.

3. No caso de prolongación de xornada, por cada hora prolongada respecto á xornada fixada compensarase no mesmo trimestre, en 2 horas se se realiza en quenda de mañá ou tarde, en 2,5 horas se se realiza en quenda de noite e en 3 horas se se realiza en quenda de fin de semana e festivos ~~en 1,5 horas, se se realiza en quenda de mañá ou tarde, en 2 horas se se realiza en quenda de noite e en 2,5 horas se se realiza en quenda de fin de semana e festivos~~, tendo en conta as necesidades do servizo e a petición da persoa interesada e se compensará dentro dos dous meses seguintes

4. Nos supostos previstos neste artigo, observarase o disposto na normativa vixente en materia de indemnizacións e as gratificacións por razón de servizo e horas extraordinarias.

Alegación: En base o artigo 137.2 da LEPG.

Artigo 4

1. Terán a consideración de quendas de fin de semana ou festivo aquelas que se inicien entre as 23.00 horas do venres ou do día previo ao festivo e as 7.00 horas do luns ou do día seguinte ao festivo.

2. Cada período de 6 meses estableceranse un máximo de 10 quendas ~~16 quendas~~ de fins de semana e festivos, que se corresponderán con 5 ~~8~~ fins de semana completos, sábado e domingo consecutivos, tendo sempre entre cada fin de semana traballado un fin de semana completo libre.

Alegación: Hoxe hai bases onde se dividen ou fraccionan os fins de semana. Isto impide a conciliación laboral ademais de ser un prexuízo claro para o empregado publico. Como en outros colectivos de persoal as fins de semana serán completas tanto de traballo como de descanso.

Artigo 5º

1. O número máximo de quendas nocturnas que realizará o persoal operativo será de ~~6~~ **8** noites ao mes de luns a domingo, cun máximo de **3** noites consecutivas.

Alegación: O persoal queixase de que 8 gardas nocturnas son unha barbaridade. Non se esta nunha base si non que se realiza o traballo no vehículo, barco e en actividade continuada. O desgaste físico é evidente e cando teñen 4 seguidas, como sucede agora, as posibilidades de accidente laboral aumentan.

~~2. O máximo de quendas nocturnas en fin de semana e festivos será de 10-18~~ **noites cada 6 meses.**

3. O persoal que cumpra os requisitos do artigo 10 b) de la Lei 2/2004 de 21 de Abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galiza, aínda que non ocupen unha praza de segunda actividade, estarán exentos da realización de quendas nocturnas sen mingua ningunha nas súas retribucións, previa solicitude do interesado.

Alegación: O persoal que teña máis de 55/58 anos e que así o solicite poderá eximirse do traballo nocturno dado o risco aumentado polo factor idade. A Consellería do Mar debe rematar coa implantación e cobertura das prazas de segunda actividade e resolver esta situación perversa co persoal.

Artigo 10º.-Pase á segunda actividade. b) Ter cumpridos os 58 anos para a escala técnica e os 55 para a executiva e a de axentes

Artigo 6º

1. Terán a consideración de xornadas especiais de traballo:

a) As quendas de tarde e de noite do día 5 de xaneiro.

b) A xornada enteira do 24 e do 31 6 de xaneiro e do 24, 25 e 31 de decembro, **así como os festivos nacionais e autonómicos.**

2. Estas xornadas serán retribuídas mediante un pagamento único por quenda de ~~120-90 euros~~ **120** euros día, non podendo encomendarse máis de dúas xornadas especiais ao ano a cada traballador

Artigo 7º

1. Os cadros de servizos fixando quendas serán confeccionados conforme as necesidades dos servizos con carácter semestral e postos en coñecemento do persoal afectado, cunha antelación mínima dun mes.

2. No caso de que o horario da realización de gardas comprenda integramente os períodos entre as 13.00 e as 14.45 horas e/ou as 21.00 e as 22.45 horas, o persoal disporá dunha hora en cada período para comer ou cear, que se computará de traballo efectivo, sempre e cando isto non comporte a desatención do servizo. Para tal fin estableceranse as quendas que procedan.

3. Na realización da xornada de traballo, e sen prexuízo do disposto no artigo anterior, o persoal obxecto desta orde terá dereito á pausa establecida para os funcionarios da Administración pública galega, que se computará de traballo efectivo. A dita pausa poderá suspenderse segundo as necesidades do servizo, debendo desfrutarse nesa xornada.

4. Logo de autorización do superior xerárquico, o persoal obxecto desta norma, por mutuo acordo, poderá cambiar con outro da mesma escala a xornada de traballo, así como os períodos de vacacións.

5. En caso de alertas meteorolóxicas de nivel vermello ou laranxa, os/as axentes do servizo permanecerán de retén nas bases agás episodio de salvamento marítimo ou activación do Plan Camgal ou para resolver incidencias en terra/porto. As embarcacións do servizo permanecerán amarradas ata que cese a alerta meteorolóxica.

Capítulo II

Artigo 8º

1. O persoal da escala desfrutará dun descanso adicional de dez días hábiles naturais consecutivos como compensación pola súa adaptación aos cadrantes horarios que se establezan.–Este descanso desfrutarase de forma continuada por petición dos interesados e a súa concesión quedará supeditada á planificación do servizo, non sendo acumulable ás vacacións anuais.

2. As licenzas e permisos serán os establecidos con carácter xeral para os funcionarios da Comunidade Autónoma de Galiza.

3. Reforzaranse os cadros de persoal nos períodos vacacionais e especiais para garantir o dereito ao gozo de vacacións do persoal e que se garantan tripulacións completas.

Alegación: Débese definir cal é o número mínimo de persoal que debe quedar nas bases e ao que se lle garante o disfrute de vacacións tendo en conta os diferentes postos. Na CIG defendemos que se cubran as vacacións con reforzos de persoal. Si non a porcentaxe compañeiros/os en vacacións non podería ser nin o 50% na maioría das bases para garantir o servizo. Hai que ter as tripulacións completas pero non a costa dos dereitos do persoal.

Capítulo III

Artigo 9º

Ao persoal da escala incrementaráselle en 713 euros mensuais o seu complemento específico. A referida contía experimentará os incrementos establecidos na Lei de orzamentos para as retribucións dos funcionarios da Xunta de Galiza a partir do exercicio de 2006.

Alegación: Esta cantidade é fixa e indivisible e retribúe a totalidade das funcións específicas do posto.

Capítulo IV

Artigo 10º

1. Créase unha comisión de seguimento do disposto nesta orde, integrada por un máximo de dous representantes de cada un dos sindicatos asinantes deste acordo, que formen parte da mesa xeral de negociación da Comunidade Autónoma de Galiza e polos representantes da **Consellería do Mar de Pesca e Asuntos Marítimos**.

2. Unha vez constituída a comisión de seguimento elaborárase o seu regulamento de funcionamento que será aprobado polos integrantes da comisión. Esta comisión reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano con carácter ordinario ou con carácter extraordinario cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 11º

A **Consellería do Mar de Pesca e Asuntos Marítimos** comprométese a cumprir estritamente as disposicións vixentes en materia de prevención de riscos e seguridade no traballo, de conformidade co establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Novos capítulos propostos

Capitulo Formación

1. Fomentárase a asistencia a cursos de formación continua e a súa descentralización. Se isto non é posible, dada a situación de illamento das bases, e a centralización actual dos cursos en apenas dúas localidades (a Estrada e Compostela), a formación será en tempo de traballo e a Administración dotará dos medios para o traslado do persoal no seu caso. *Dadas as especiais condicións de risco deste persoal a formación no posto de traballo resulta esencial para a PRL. Lembremos que a lexislación en PRL xa prevé que en materia de prevención de riscos laborais esta formación será sempre en horario de traballo ou será compensada coas horas correspondentes.*
2. A comisión de seguimento propondrá antes do último semestre de cada ano a planificación formativa para o persoal da escala.
3. As formacións específicas que son esixibles pola normativa de navegación deben facerse obrigatoriamente nos tempos previstos e durante a xornada laboral.

Capitulo uniformidade e EPI

1. Revisar o sistema de puntuación actual para que se podan arrastrar os puntos dun ano para outro en base as necesidades do persoal. Se por causa do uso ou da calidade do equipo se deteriora debese poder repor sen desgaste de puntos para garantir que se cumpre os obxectivos de seguridade do EPI.
2. Axilizar a entrega de material de xeito que nunca se poda superar os 6 meses.

Explicación da proposta: Compre solucionar xa que hai queixas polas tardanza do material dende petición que supera moitas veces o ano. Si se rompe unha cazadora ou ten desgaste mercar unha cos puntos supón gastar todo o orzamento anual.



Confederación Intersindical Galega – CIG-Autónomica
Local sindical da CIG - Soto da Consellaría de Educación
Edif. Administrativo San Caetano – 15781 Santiago de Compostela
<http://autonomica.cigadmon.gal>
autonomica@cigadmon.gal



Capítulo de conciliación

1. Artellar un sistema que sexa garante do cumprimento dos dereitos de conciliación laboral e familiar do persoal de forma áxil e eficaz.

DISPOSICION FINAL

Vixencia dende o 1 de xaneiro de 2025

E por iso, SOLICITO:

Que se abra un proceso negociador de seguido no que se teñan en conta as achegas presentadas.

Compostela, 22 de febreiro de 2025

Asdo. Zeltia Burgos Tortosa

Secretaría xeral técnica
Consellería do Mar
Edificios administrativos - San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela